


Presentación do profesor encargado da docencia nas materias
Historia do Mundo Contemporáneo en 1º curso de Bach e
Historia de España (2º curso de Bach.)



RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ licenciouse en Xeografía e Historia coa especialidade de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela (USC) en 1991 e doutorouse en Historia, con premio extraordinario, na Universidade de Vigo en 2012.

Exerceu como profesor de Xeografía e Historia en ESO e Bacharelato en diferentes centros da Consellería de Educación da Xunta de Galicia dende 1997 e, dende 2018, no IES Campo de San Alberto en Noia. Colabora como profesor asociado de Didáctica das Ciencias Sociais na Facultade de Ciencias da Educación da USC dende 2015. Forma parte da Comisión Técnica do Arquivo da Emigración Galega (Consello da Cultura Galega) e do grupo de investigación en Historia Política e dos Nacionalismos (HISPONA) que dirixe o catedrático Xosé Manoel Núñez Seixas (Facultade de Historia da USC).

Ten publicado varios libros e artigos académicos sobre as características e consecuencias da mobilización sociopolítica e a emigración galega a América durante o século pasado.

Atención a nais e pais (telefónica con cita previa solicitada na conserxería do IES CSA): venres de 12:50 a 13:30.